

ENTREVISTA | CECILIA ALVARELLOS CASAS

profesora e autora de «O xornal na clase de matemáticas»

## «Na aula, co xornal, ata o máis despistado traballa ao 100%»

Aínda que pouco explorada, á prensa pódesele «sacar moito partido» como recurso pegagóxico nas clases de Matemáticas

Cristina López | LUGO/LA VOZ. | 19/11/2010

Con máis de 25 anos no mundo da docencia e exercendo na actualidade como profesora de Matemáticas no instituto Val do Asma de Chantada, Cecilia Alvarellos presenta o que é o seu cuarto libro sobre o ensino dunha materia denostada por moitos alumnos e para a que esta autora formula novas propostas didácticas.

-Supoño que a vostede dábenselle ben as Matemáticas na súa etapa de estudante.

-Pois si, desde pequeniña foi unha das miñas asignaturas preferidas; gustáronme desde sempre.

-E cando vostede estudaba, ¿botaba en falta outro xeito de ensinar as Matemáticas que as fixese máis atractivas para os alumnos?

-A verdade é que non, o que pasa é que eu son filla de profesores, e como quen di, as Matemáticas xa as mamei na casa, noutro ambiente. Gustábanme e non botaba en falta que mas explicaran doutro xeito. Foi despois, ao ir dando clases, cando sentín a necesidade de botar man doutras ferramentas e recursos, porque, polo xeral, aos escolares as Matemáticas non lles gustan.

-¿Que uso se pode facer dos xornais na clase de Matemáticas?

-Nos xornais aparecen un montón de cuestións ás que se lles pode sacar moito partido nunha clase de Matemáticas. As cantidades, os gráficos, as medidas, os números, as porcentaxes, a xeometría e mesmo os resultados dos equipos de fútbol poden ser utilizados como recursos e a partir deles desenvolver exercicios. A estes e a outros aspectos dedico cada unha das sete unidades de que se compón o libro. En calquera caso, este é un material de apoio para momentos concretos.

-¿Pode desvelarnos algunha das propostas que fai no seu libro?

-Este libro está dirixido aos distintos niveis educativos, dende Primaria ata Bacharelato pasando polo Ensino Secundario. Eu agora mesmo estouno empregando con alumnos da ESO da materia de Métodos Estatísticos. Para elo botamos man da unidade dedicada á Estatística descritiva e analizamos o tempo meteorolóxico, recollendo predicións todos os días e facendo estatísticas.

-O seu libro leva un subtítulo: «outros recursos para aprender cos números», ¿cales son eses outros recursos?

-Evidentemente, o xornal non é a única ferramenta da que os docentes podemos botar man nas clases de Matemáticas. Hai outras, e delas tamén falo neste libro. Por exemplo, cando os meus estudantes da ESO rematen o estudo que estamos facendo do tempo meteorolóxico, empezaremos a analizar a composición da auga embotellada, botando man simplemente das etiquetas que aparecen nos envases das marcas que son de consumo habitual.

-¿Como responden os alumnos ante estas novas propostas didácticas?

-Cando se lles propón algo novo, os alumnos sempre o acollen moi ben. O xornal están afeitos a utilizalo nas asignaturas de letras, pero cando o empregamos na clase de Matemáticas, ata o máis despistado, ese día traballa ao cento por cen.



Alvarellos vive en Lugo e é profesora nun instituto de Chantada

| ÓSCAR CELA